

Migracións e poboacións marxinais

Cando un emigra, levado pola necesidade económica, polo afán de descubrir mundos novos ou pola necesidade de fuxir dun ambiente que o oprime ou o persigue, que son estas as tres razóns que eu considero únicas para emprender unha migración un non sabe moi ben o que lle espera do outro lado das fronteiras. Dise que hoxe non existen fronteiras, e moito menos en Europa, que logo dos acordos de Schengen, semella un continuo, onde un se pode mover sen pensar en trámites ou rexistros humillantes. Verdadeiro e falso, segundo o punto de mira, que adoita ser fundamental nestas valoracións.

As reflexións que van seguir son pois as de alguén que hai un tempo emprendeu o camiño da emigración, sen que importe moito cal foi o motivo de tal decisión, económico, aventureiro ou de fuxida, pois algo houbo dos tres e non é punto agora o entrar en especificacións que poderían ensombrecer máis que clarificar os argumentos que a seguir se explican.

Estas reflexións teñen un carácter máis especulativo que científico, constitúen máis unha indagación persoal que unha aproximación lóxica. Para establecer teorías sobre este mesmo tema xa están os sociólogos e os antropólogos, os xeógrafos e os estatísticos, os filósofos e os intelectuais de garda. Eu non pertenczo a ningunha desas categorías, sendo tan só un librepensador sen ánimo de lucro. Polo tanto, se consideran oportuno rebatelas, haberá momento para que poidan contrapor os seus argumentos, que sen dúbida enriquecerán o debate e darán luz sobre un tema de actualidade, que o será máis en canto apareza unha crise migratoria maior que a actual e se agudicen as contradicións.

Variabilidade de nicho ecolóxico

Segundo as ensinanzas da ecoloxía, nicho ecolóxico é aquel espazo onde habita un organismo e vén definido polas relacións que establece co alimento (intercambio de materia e enerxía) e cos seus competidores (predación, asociación alimentaria, etc). Desa competencia e desa loita pola supervivencia xurde unha unidade de conduta que é a que define o papel funcional dese organismo no ecosistema ao tempo que precisa a súa posición na comunidade. Con todas as reservas que convén adoitar cando se extrapolan conceptos ecolóxicos á sociedade, poderíamos dicir que cada individuo ten na sociedade o seu propio “nicho ecolóxico”, resultado de todas as interaccións co medio e cos outros membros que viven na mesma contorna (poboación).

Desde que un nace, integrado nunha familia, nun clan ou nunha comunidade, comeza a se adaptar a un nicho determinado e ben definido. Na comunidade adquire de seguida un “estatus” de pertenza, que se pode caracterizar polos seguintes indicadores:

- Sedentarismo
- Estabilidade
- Conduta herdada / tradición
- Ser parte dun ecosistema clímax
- Participar nos fluxos de enerxía
- Rede de relacións / influencias

Pola contra, cando un desenvolve a súa actividade fóra do nicho orixinal (cando emigra), os seus indicadores de pertenza non funcionan, senón que aparecen outros contrapostos:

- Movemento
- Invasión dun nicho alleo / ruptura da estabilidade /xeración de entropía sistémica
- Conduta a descubrir / descoñecemento da tradición
- Por ser organismo “invasor” non forma parte do ecosistema clímax
- Ten que crear o seu propio sistema de fluxo de enerxía ou se adaptar aos existentes
- Ausencia de rede de relacións / influencias

Os tipos e as relacións de nichos poden adoitar formas moi variadas. Falariamos, por exemplo, de nicho pre-competitivo ou virtual, por contraposición a nicho competitivo, cando este non presenta ningún tipo de solapamento con outros nichos. Dise virtual por ser o que presentan ben individuos ora ben pequenas poboación illadas, sen contacto con outras poboacións. O habitual é que se dea un solapamento de nichos. Un individuo ten o seu nicho propio na sociedade A e emigra á sociedade B. Dende o inicio ten que se construír o seu propio nicho, o “oco” nunha sociedade da que, en xeral, descoñece unha boa parte das claves e das relacións. Compórtase como unha especie invasora, xerando, porén, reaccións de rexeitamento. A intersección dos nichos A e B será maior en tanto que o individuo que emigra da sociedade A pertenza a unha cultura máis próxima á sociedade B. Así un europeo ten, en principio, máis facilidades para emigrar a outro país europeo que a un país africano ou asiático. Un italiano sentirase máis próximo no sur de Francia ou no Este de España que no norte de Finlandia ou na Galitzia polaca. Un individuo dunha ex-colonia terá máis facilidades (coñecemento, mesmo que superficial, da cultura da metrópole e coñecemento da lingua de acollida, tantas veces unha e outra impostas pola forza) que un individuo que procede doutro sistema lingüístico ou cultural.

Así é todo o nicho non é un concepto estático, que varía e se adapta ao medio de xeito diacrónico. Así un emigrante que leva vivindo varios anos nunha sociedade de acollida, ten máis posibilidades (todo isto depende das potencialidades individuais, por suposto) de que o seu nicho se pareza cada vez máis ao dun “nativo” da sociedade de acollida que alguén que leva

vivindo pouco tempo na mesma. As variábeis desa evolución son varias, algunhas dependentes do propio individuo (capacidade de socialización, absorción da cultura, nivel lingüístico) ou do propio medio (recepción por parte da poboación nativa, refuxio en microhábitats, contacto co lugar de orixe).

Topoloxía do nicho social

Se por topoloxía entendemos dun xeito reducionista o conxunto de relacións espaciais entre grupos de puntos (individuos), para comprender a topoloxía dun determinado nicho será preciso definir unha serie de dimensións.

Segundo Hutchinson, o nicho sería un hipervolume de “n” dimensións (variábeis ecolóxicas) nas que un organismo pode vivir e substituírse a si mesmo. Deixemos a segunda parte polo momento, pois na controvertida sociedade occidental na que vivimos a reprodución está pasando de ser a “norma” a constituír, se non a excepción, un “comportamento alternativo”, mais non maioritario, como indican as taxas de reprodución claramente descendentes. Esas variábeis, difusas na súa maioría, teñen que ver coa relación (interacción) do individuo co medio: o malestar na cultura propia, a fascinación polo foráneo (que logo pode xerar reaccións positivas ou negativas), a imitación das entendidas como culturas, sociedades ou individuos de éxito (relación privilexiada cos media, bonanza económica, imaxe icónica), o gregarismo como corolario destas actitudes miméticas.

O gregarismo mimético (manifestado, por exemplo, nos macroconcertos, nos *raves* tipo “botellón”, nas manifestacións multitudinarias a prol de causas que amalgaman por diversas razóns (a violación de menores en Bélxica, a bancarrota dos bancos en Islandia, a catástrofe do Prestige en Galicia, os atentados que sementasen a terror en Madrid ou Londres), as manifestacións deportivas de masas (o fútbol e as Olimpíadas, como paradigma), resulta dunha inseguridade de pertenza, dunha negación como minoría, dun desexo de “poder por imitación” daqueles aos que se lles supón unha posición de privilexio. Convértese nunha especie de sociedade de simbioses,

que viven xuntos sen se facer dano, que raramente protestan e case sempre se mostran neutrais, apolíticos, sen opinión formada, recorrendo a lugares comúns para manifestar as súas emocións, que non son básicas nin primitivas, senón simplemente non elaboradas, coma se os cerebros estivesen desconectados ou existise unha vontade colectiva, para non pensar, para non actuar, para se resignar a un sistema único de valores e pensamentos, onde as leis do mercado dominan as vidas dos cidadáns sen que estes podan reaccionar. Certo que, dalgún xeito

para se lexitimar, os mecanismos de control destas sociedades permiten (toleran) unha certa dose de parasitismo social en forma de minorías (étnicas, lingüísticas, relixiosas, de comportamento, etc.).

Territorialidade e saudade biolóxica

O feito de ser os humanos animais territoriais non se discute. A evolución levou do concepto de comunidades habitando un poboado, con defensas e servizos compartidos, cunha estrutura de mando rixida de familias, clans e tribos, onde a territorialidade era colectiva e centrada nun pequeno núcleo (castro ou castelo, por exemplo) a unha aproximación máis territorial coa xeneralización da vivenda unifamiliar, sinónimo non tanto de riqueza como

de independencia de cada un dos membros da colectividade. Deuse con posterioridade unha regresión (crecemento indiscriminado das cidades, condominios de gran número de inquilinos, etc.).

O retorno de moitas especies de aves migratorias (tamén de peixes e bolboretas, por ampliar o abano de exemplos) ten demostrado que logo dunha emigración de miles de quilómetros, os individuos regresan á mesma zona de onde partisen (nalgúns casos á mesma árbore, o mesmo niño ou á mesma curva do río). Facendo unha extrapolación que nada ten que ver coa ciencia, deixen que introduza o concepto de “saudade biolóxica”, un



sentimento que non é necesariamente de índole racial galego-portuguesa como sostíña, sen argumentos sólidos, o ínclito Ramón Piñeiro, individuo gris aos que algúns consideran a esencia do pensamento galeguista e outros a esencia da traizón a este pensamento.

Esta saudade biolóxica sería modificada no caso do home para se converter nunha saudade antropolóxica, de nostalgia polo tecido social abandonado, pola rede de influencias e amizades. Os individuos residentes presentarían vantaxes verbo dos non residentes (errantes, migradores, exiliados, segundo os casos) pois manterían vivo o seu sistema de relacións (*network*). Os emigrantes veríanse confrontados no intre do retorno coa dificultade para a reintegración na súa rede.

Na realidade, a reintegración é máis doada agora que nos casos de emigración tradicional. Isto débese á mitigación do efecto separador (desintegrador) producida polo incremento na calidade e frecuencia das comunicacións, tanto das telecomunicacións (o que permite un contacto cotián coa comunidade) como da frecuencia e facilidade dos desprazamentos (retornos regulares que sistematizan os contactos humanos). Na emigración tradicional os retornos eran esporádicos, na fin da vida (para morrer na casa) ou non se daban (os que nunca quixeran ou puideran retornar por falta de medios). Na emigración actual as visitas son frecuentes (unha ou dúas veces por ano, no mínimo), o contacto directo coas persoas (chamadas telefónicas, correo electrónico) cotián e a información do que acontece no país éo en tempo real (internet). Emporiso, os dous tipos de emigración son tan distintos (e a posibilidade do retorno tamén se ve doutro xeito). Por iso tamén, as políticas de emigración (incluídos os dereitos de voto) teñen que ser radicalmente distintas.

Persoalmente experimentei tres migracións distintas tanto polo destino como polas circunstancias que me levaran a facer esa escolla. A primeira foi o servizo militar en Catalunya, migración forzada mais con resultados satisfactorios: contacto con outras culturas e outras xentes, aprendizaxe do catalán básico, instrución en técnicas de supervivencia na montaña e cursos de esquí e de escalada. A segunda foi a emigración temporal como biólogo a bordo dos barcos bacallaeiros e conxeladores en Terranova e Noruega (catro veces tres meses) nun período curto de ano e medio, tamén con resultados satisfactorios: contacto permanente coa natureza, desenvolvemento da introspección, contacto co galego e co mundo do traballo, supervivencia en condicións extremas. A terceira foi a migración a Bélxica, que foi unha escolla económica diante das escasas expectativas de traballo (ou mellor dito, resultado dunha fascinación polas excelentes condicións de traballo nas institucións europeas, que se foron deteriorando co tempo). Os resultados tamén foron satisfactorios: remuneracións económicas crecentes, prestixio social, aprendizaxe e mellora de idiomas, independencia para a escrita, distanciamento (visto como positivo para un escritor).

Hei recoñecer que a rede de contactos e influencias medrou dun xeito exponencial nestas tres migracións, mesmo que a intensidade de cada unha delas sexa difícil de cuantificar. A duración e a complexidade da emigración última (xa hai vinte anos que estou en Bruxelas) fai que o retorno non sexa posíbel sen que se dea xa unha “saudade biolóxica” verbo do lugar de acollida. G

Xavier Queipo é biólogo e escritor.



Salas de espera organizadas e informatizadas

Sistema de monitorización y asignación de puertas de consulta

■ **CLICK ON Panel** es un novedoso sistema de asignación y notificación de salas de consulta integrable con los propios sistemas de gestión del centro.

Simplifica y organiza la tarea de notificación de citas en las salas de espera, agilizando de forma sistemática las consultas diarias y permitiendo al personal poder realizar otras tareas.

CLICK ON Panel muestra el paciente que tiene que entrar en la consulta, a través de pantallas LCD/TFT colocadas en las distintas salas.

■ **CLICK ON Panel, emisión ininterrumpida**

El sistema de emisión practica la misma filosofía que la emisión de la señal de televisión, por lo que si alguno de los equipos se estropea, CLIK ON Panel sigue funcionando sin problemas.

■ **CLICK ON Panel, sistema no intrusivo**

Su ingeniería está concebida para ser implementada junto a los sistemas de gestión existentes en los centros sanitarios, sin necesidad de realizar ningún cambio ni invertir en desarrollos para realizar integraciones.



CLICKON

c/ Novoa Santos, 6-8
15006 La Coruña

Teléfono 981 912 464

Fax 981 795 547

www.clickon.es

clickon@clickon.es